

ACTA SPG A GAVELA **17 de Outubro do 2021**

LUGAR: Local social de Consumo Consciente Árbore, S. Coop. Galega

PRESENTES: Estela (A Hortiña de Estela), Bea (Feitizal), Cris (O Verxel de Coiro), Carlota (Feitizal), Tomás (Vida circular), Ánxeles (Despensa), Antía (Arkipelagos), Eduardo (A horta de Orxa), Simom (O Alcouve da Moura), Hector (Danosahorta), Xacobe e Belén (A horta do cadaval).

TOMA ACTA: Cándido

MODERA: Belén

ORDE DO DÍA

ALTAS E BAIXAS

- **Novas altas:**
 - Comunidade de Montes Veciñais en Mancomún de Coruxo. Aprobamos, pero o criterio de participación é imprescindible. Coméntase isto porque solicitaron non participar polo momento. Cándido comunicaralle que de querer ter o selo terán que participar nas reunións e cumprir os requisitos do resto de proxectos que forman parte de SPG A Gavela.
- **Baixas:**
 - Andrés da horta de Maida informa que causan baixa no SPG debido a que non teñen actividade.

INFORME DE ACTUALIZACIÓN DA WEB

Eduardo e Cándido revisaron as seccións da antiga web e retiraron algunhas partes que se consideraba obsoletas ou incompletas. Tamén se ordenaron a documentación de visitas e actas de asembleas de forma que se poidan consultar.

Aparte disto se introduciu un breve texto de presentación que fixera máis amigable e entendible en que consiste o SPG.

Queda pendente reformular a sección de membros do SPG coas achegas que poidan facer tódolos proxectos (ficha web).

Estes cambios se fixeron sen moita consulta previa co resto de integrantes do SPG e para aproveitar un pouco o tempo de confinamento, isto non quita que se poidan practicar as modificacións que se consideren necesarias.

As *fichas de proxecto na web* pasan a ser optativas, de forma que aquelas experiencias que desexen ter un espazo propia na web de A Gavela precisaran presentalas, senón simplemente se fará unha mención xenérica.

SITUACIÓN DAS VISITAS E DIFICULTADES PARA FACELAS. REFLEXIÓN XERAL SOBRE O MOMENTO DO SPG A GAVELA.

- Barállanse ideas de como dinamizar as visitas:
 - Buscar outras datas onde teñamos máis tempo para atender as visitas. O punto feble e que estas visitas poden ser pouco interesante por exemplo en inverno.
 - Flexibilizar as datas das visitas e non facelas obrigatorias, ou facelas de persoa a persoa (invitando a quen poida)
 - Animar visitas con outras actividades:
 - Concertos e festas
 - Invitar a consumidoras
 - Formación e incluso voluntario formativo
- Finalmente propónse realizar as visitas coincidindo coas propias Asembleas (descartando en principio as anteriores ideas).

Procedemento:

- No caso dos novos proxectos que soliciten entrar no SPG, a visita e obrigatoria.
Por exemplo, no momento actual faríamos as visitas de Alcouve da Moura (Sábado 6 de Novembro, 17h), O Feitizal (Sábado 13 de Novembro, 17h), e Vida circular (vindeira asemblea).
- Os proxectos que xa se atopan dentro do SPG terán que ser visitados de forma rotatoria, é dicir 3 por ano (un por asemblea), facendo a excepción xa indicada das hortas que solicitan a entrada.
- Desaparecen as zonas de visita.
- É obrigatorio presentar as follas de visita anualmente.
Neste momento se decide que tódolos proxectos deberán presentar as follas de visitas do 2021 antes do 15 de Novembro.
- As *follas de visita* pasan a chamar *follas de autoavaliación*.

ESTADOS DAS CONTAS

- Estado das contas. Temos 230€ aforrados.

PRESENTACIÓN DE ORZAMENTO PARA RENOVACIÓN DA IMAXE GRÁFICA

Presentación de orzamento para a renovación do material gráfico.

Eduardo conseguiu un orzamento por 40€.

Aprobouse. Traeranse as propostas co novo logo na vindeira asemblea.

OUTROS

- **Encontros de SPG's.** O vindeiro encontro está convocado na ponte da constitución. Querían saber se imos (4-5 de Decembro, Sábado e Domingo). Apúntanse Cris e Antía.
- **Redes sociais.** Tomás pensa que mellor agardamos ao novo logo para iniciar a creación de contidos para o Instagram

VINDEIRA ASEMBLEA

6 de Febreiro Gondomar-Vida Circular, ás 10:30h, aproveitarase para facer a visita correspondente.

Localización de Vida Circular: <https://maps.app.goo.gl/gjucbhFhCRnGeXqK6>
Teléfono de contacto de Tomás: 673413998